

Memoria xustificación económica do Mestrado Universitario en Fabricación Aditiva pola Universidade de Vigo para presentar coa declaración de interese

Universidade de Vigo

1. Persoal Académico

A titulación de Mestrado en Fabricación Aditiva que se recolle na presente declaración de interese está prevista que se imparta na Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo, en colaboración coa Universidade da Coruña, empregando os recursos humanos e materiais dispoñibles na mesma. Ademais, para algunhas materias que poidan resultar máis específicas doutros ámbitos que non se atopen dentro das áreas de coñecemento vinculadas coa Escola de Enxeñería Industrial, consideramos que a Universidade de Vigo conta cos recursos adecuados para poder despregar aqueles contidos formativos que se establezan na memoria da titulación. Así mesmo, poida que para as materias de orientación específicas do mestrado sexa necesario contar con profesorado asociado cunha traxectoria de recoñecido prestixio no campo profesional correspondente. Esta situación está xustificada coa docencia daqueles contidos ou materias que é recomendable se impartan por persoal pertencentes ao mundo empresarial ou de institucións relacionadas coas temáticas do mestrado, como así tamén se desprende do estudo realizado dentro do horizonte G2030.

1.1 PDI da titulación

Dado que se trata dunha declaración de interese dunha titulación que está a ser estudada por unha Comisión de Elaboración da que forma parte un equipo de traballo da Escola de Enxeñería Industrial, os datos que se presentan nas seguintes táboas son unha estimación feita en base á experiencia no deseño das outras titulacións implantadas na EEI. En calquera caso, nos cadros recóllese unha información que consideramos é conservadora, xa que é probable que o persoal en dispoñibilidade de participar na titulación sexa maior. Por outra banda, hai que ter en conta que esta información é susceptible de axustes polos cambios que se poidan producir na situación do profesorado ata o momento da implantación da titulación proposta, prevista para o curso 2023-2024.

TÁBOA 1.1:

| Proposta do cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso) | | | | |
|---|----------------------------------|---------|------------|---------|
| Universidade | Categoría | Total % | Doutores % | Horas % |
| Universidade de Vigo | Profesor Asociado | 13,1 | 50 | 10 |
| Universidade de Vigo | Profesor Contratado Doutor | 14,8 | 100 | 12 |
| Universidade de Vigo | Catedrático de Universidade | 13,9 | 100 | 28 |
| Universidade de Vigo | Profesor Titular de Universidade | 58,2 | 100 | 50 |

TÁBOA 1.2:

| Cadro de profesorado dispoñible | | | | | | | | |
|---------------------------------|--|----|-----------------------|----------------------|---------|----------------|-------------------|----------------|
| Univers. | Categoría | Nº | Vinculación coa univ. | Dedicación ao título | | Nº de Doutores | Nº de Quinquenios | Nº de Sexenios |
| | | | | Total | Parcial | | | |
| Univers. Vigo | Catedrático de Universidade | 12 | Permanente | | 12 | 12 | 31 | 36 |
| Univers. Vigo | Catedrático de Escola Universitaria | 2 | Permanente | | 2 | 2 | 0 | 0 |
| Univers. Vigo | Profesor Titular de Universidade | 71 | Permanente | | 71 | 71 | 349 | 126 |
| Univers. Vigo | Profesor Titular de Escola Universitaria | 18 | Permanente | | 18 | 18 | 12 | 1 |
| Univers. Vigo | Profesor Contratado Doutor | 28 | Contratado indefinido | | 28 | 28 | 57 | 15 |
| Univers. Vigo | Profesor Axudante Doutor | 10 | Contratado temporal | | 10 | 10 | 0 | 0 |
| Univers. Vigo | Profesor Asociado | 59 | Contratado temporal | | 59 | | 0 | 0 |

TÁBOA 1.3:

| Cadro de novo profesorado necesario | | | | |
|-------------------------------------|-------------------|---------|------------|---------|
| Universidade | Categoría | Total % | Doutores % | Horas % |
| Universidade de Vigo | Profesor Asociado | 100 | 50 | 10 |

2 Recursos materiais e servizos

Actualmente a Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo conta con recursos materiais e servizos adecuados para o desenvolvemento das actividades formativas planificadas. O conxunto de medios vinculados coa actividade docente dos centros detállase a continuación.

Ademais, existen unha serie de procedementos orientados a garantir o mantemento dos mesmos para que desempeñen de forma sostida no tempo a función para a que están previstos. Con ese fin actúase en colaboración directa coa Unidade Técnica da Universidade de Vigo.

Adicionalmente, as instalacións cumpren cos requisitos de accesibilidade que marca a normativa vixente. Regularmente avalíase a accesibilidade dos mesmos para persoas discapacitadas e todos os anos revísanse e eméndanse as posibles incidencias respecto diso en colaboración coa Vicerreitoría correspondente e a mencionada Unidade Técnica.

2. 1 Espazos dispoñibles

A Escola de Enxeñería Industrial (EEI) da Universidade de Vigo dispón de dúas sedes, Sede Campus e Sede Cidade e tres edificios (os correspondentes a estas sedes e o denominado Edificio de Fundación)

SEDE CAMPUS

Actualmente esta sede campus dispón de máis de 15500 m² de superficie útil dedicada a aulas, seminarios, despachos, espazos comúns, etc. Unha parte importante dos espazos é xestionada directamente pola dirección do centro, mentres outras partes están xestionadas polos departamentos coas súas áreas de coñecemento.

Espazos Comúns (xestionados pola dirección da Escola)

En total os espazos comúns empregados na docencia ascenden a preto de 6340 m² dos cales algo máis de 2000 m² están repartidos en 14 grandes aulas destinadas á docencia a grupos grandes. A estes espazos hai que sumarlle os 370 m² de 9 seminarios nos que se imparte docencia a grupos máis reducidos. Para a exposición dos traballos do alumnado, a realización de cursos, seminarios, reunións, etc. o centro dispón ademais de preto de 830 m². Como recurso auxiliar á docencia dispónse ademais de 9 aulas informáticas totalmente equipadas, 7 delas no edificio da EEI que representen máis de 500 m², outra no edificio de Fundación e outra na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas.

Todo iso fai que se dispoñan de máis de 3800 m² (representando o 60% do centro) para usos docentes. Neste cómputo non se incluíron os espazos xestionados polos departamentos e as respectivas áreas de coñecemento, entre os que se atopan todos os laboratorios de uso docente.

| Sede Campus | Nº | Espazo [m2] | % |
|-----------------------------------|----|-------------|-------|
| Aulas docentes | 14 | 2054.9 | 32.4% |
| Salas de Reunións, Actos, Grao... | 5 | 835.9 | 13.2% |
| Cafetería e Comedor | 6 | 650.9 | 10.3% |

| Sede Campus | Nº | Espazo [m2] | % |
|---------------------------------------|----|---------------|---------------|
| Espazos de estudo, lectura, traballos | 7 | 660.0 | 10.4% |
| Aulas Informática | 7 | 534.4 | 8.4% |
| Aseos | 38 | 472.3 | 7.4% |
| Outros (Cuartos de limpeza, almacéns) | 25 | 452.2 | 7.1% |
| Seminarios | 9 | 373.0 | 5.9% |
| Zonas Administración | 2 | 135.0 | 2.1% |
| Zonas Dirección | 7 | 121.3 | 1.9% |
| Delegación de Alumnado | 1 | 49.7 | 0.8% |
| Total | | 6339.5 | 100.0% |

Espazos Específicos (xestionados polos departamentos e/ou áreas de coñecemento)

| Código | Área de Coñecemento | Total [m2] | Laboratorios Docentes | | Laboratorios de Investigación | | Despachos | | Outros (Secretaría Dpto, Sala reunións) | |
|-----------|--|------------|-----------------------|--------|-------------------------------|--------|-----------|--------|---|--------|
| | | | Número | Espazo | Número | Espazo | Número | Espazo | Número | Espazo |
| 65 | Ciencia dos Materiais e Enxeñería Metalúrxica | 608.1 | 6 | 292.39 | 3 | 143.09 | 10 | 132.23 | 1 | 40.39 |
| 265 | Estatística e Investigación operativa | 36.06 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 36.06 | 0 | 0 |
| 305 | Expresión Gráfica na Enxeñería | 279.2 | 0 | 0 | 4 | 161.16 | 10 | 118.04 | 0 | 0 |
| 385 | Física Aplicada | 723.49 | 2 | 185.95 | 9 | 293.59 | 18 | 149.85 | 5 | 94.1 |
| 510 e 605 | Enxeñería da Construción e Mecánica dos Medios Continuos | 492.56 | 1 | 162.39 | 1 | 159.22 | 9 | 130.85 | 2 | 40.1 |
| 515 | Enxeñería dos Procesos de Fabricación | 745.38 | 5 | 457.9 | 3 | 107.56 | 8 | 96.22 | 3 | 83.7 |
| 520 | Enxeñería de Sistemas e Automática | 806.17 | 3 | 168.69 | 4 | 308.9 | 15 | 252.36 | 4 | 76.22 |
| 535 | Enxeñería Eléctrica | 947.89 | 6 | 427.66 | 7 | 200.86 | 21 | 304.42 | 1 | 14.95 |
| 545 | Enxeñería Mecánica | 319.76 | 2 | 144.53 | 1 | 51.2 | 9 | 111.07 | 1 | 12.96 |
| 555 | Enxeñería Química | 590.88 | 2 | 166.7 | 8 | 261.97 | 11 | 132.38 | 1 | 29.83 |
| 590 | Máquinas e Motores Térmicos | 888.77 | 5 | 274.98 | 4 | 364.25 | 12 | 210.01 | 3 | 39.53 |
| 600 | Mecánica de Fluidos | 519.7 | 3 | 376.77 | 0 | 0 | 9 | 111.83 | 1 | 31.1 |

| Código | Área de Coñecemento | Total [m2] | Laboratorios Docentes | | Laboratorios de Investigación | | Despachos | | Outros (Secretaría Dpto, Sala reunións) | |
|--------|--------------------------|------------|-----------------------|---------|-------------------------------|--------|-----------|--------|---|--------|
| | | | Número | Espazo | Número | Espazo | Número | Espazo | Número | Espazo |
| 650 | Organización de Empresas | 331.4 | 0 | 0 | 0 | 0 | 20 | 326.34 | 1 | 5.06 |
| 720 | Proxectos de Enxeñería | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 785 | Tecnoloxía Electrónica | 1031.22 | 8 | 544.55 | 5 | 144.7 | 21 | 276.04 | 5 | 65.93 |
| | | 8320.58 | 43 | 3202.51 | 49 | 2196.5 | 175 | 2387.7 | 28 | 533.87 |

EDIFICIO DE FUNDICIÓN

Coñécese como “Edificio de Fundición” a un edificio situado xusto enfrente da EEI e xestionado por esta mesma no que se atopan diversos espazos docentes, aulas de informática, laboratorios docentes e de investigación, así como despachos e laboratorios transferidos a certas áreas de coñecemento do ámbito tecnolóxico, e que, no momento da súa construción, a súa utilización estaba prevista para a investigación do Instituto de Fundición (de aí o seu nome).

O total dos espazos ocupados por actividades docentes relacionadas coa Enxeñería Industrial suman un total de 3800 m² entre os que destacan:

| Edificio Fundición | Nº | Espazo [m ²] |
|--|----|--------------------------|
| Laboratorio Docente | 1 | 131.07 |
| Laboratorio de Investigación | 8 | 448.6 |
| Seminarios | 3 | 195.14 |
| Aulas Informáticas | 3 | 260 |
| Aseos | 10 | 96 |
| Despachos | 24 | 337.9 |
| Outros (Cuartos de limpeza, almacéns, vestiarios, corredores...) | - | 2300 |

SEDE CIDADE

A sede cidade da Escola de Enxeñería Industrial (EEI) da Universidade de Vigo posúe máis de 14000 m² de superficie útil dedicada a aulas, seminarios, despachos, espazos comúns, etc., repartidos en

dous edificios contiguos. Unha parte importante dos espazos é xestionada directamente pola Dirección do centro, mentres outra parte está xestionada polos departamentos e/ou as áreas de coñecemento.

Espazos Comúns (xestionados pola dirección da EEI)

Os espazos comúns empregados na docencia ascenden a un total de 2242 m², dos cales 1140 m² corresponden a 11 aulas para a docencia a grupos grandes. A estes espazos hai que sumarlle os 274 m² de 10 seminarios nos que se imparte docencia a grupos máis reducidos. Como recurso auxiliar á docencia dispónse ademais de 8 aulas informáticas totalmente equipadas que supoñen 828 m². Neste cómputo non se incluíron os espazos de uso docente xestionados polos departamentos e/ou áreas de coñecemento.

| Sede Cidade | Nº | Espazo [m2] | % |
|--|-----------|--------------------|----------|
| Aulas docentes | 11 | 1140 | 8,0% |
| Despachos | 77 | 1338 | 9,3% |
| Laboratorios de uso docente | 30 | 2349 | 16,4% |
| Salas de Reunións, Actos, Grao... | 5 | 406 | 2,8% |
| Outros espazos docentes | 1 | 566 | 3,9% |
| Espazos de estudo, biblioteca | 2 | 1021 | 7,1% |
| Aulas Informática | 8 | 828 | 5,8% |
| Aseos | 23 | 338 | 2,4% |
| Outros (Cuartos de limpeza, almacéns, ...) | 27 | 414 | 2,9% |
| Seminarios | 10 | 274 | 1,9% |
| Zonas Administración Centro | 3 | 225 | 1,6% |
| Zonas Administración Departamentos | 2 | 85 | 0,6% |
| Zonas Dirección | 6 | 117 | 0,8% |
| Delegación de Alumnos | 1 | 62 | 0,4% |
| Rexistro da Universidade | 1 | 19 | 0,1% |
| Espazos de uso común | 27 | 2826 | 19,7% |
| Zonas deportivas | 1 | 1004 | 7,0% |
| Aparcamiento para persoal | 1 | 1313 | 9,2% |

| | |
|-------|--------|
| 14325 | 100,0% |
|-------|--------|

Espazos Específicos (xestionados polos departamentos e/ou áreas de coñecemento)

As diversas áreas de coñecemento que imparten docencia na sede cidade da EEI xestionan 30 laboratorios docentes cunha superficie total de 2349 m². A relación dos devanditos laboratorios indícase na táboa seguinte.

| Denominación | Superficie m ² | Capacidade Alumnado |
|--|------------------------------|------------------------|
| Laboratorio de Ensaíos Electroquímicos | 46 | 24 |
| Laboratorio de Ensaíos Mecánicos | 62 | 24 |
| Laboratorio de Metalografía | 43 | 24 |
| Laboratorio de Máquinas e Motores Térmicos | 149 | 20 |
| Laboratorio de Mecánica de Fluídos | 107 | 20 |
| Laboratorio de Informática Industrial | 145 | 24 |
| Laboratorio de Automatización Industrial | 145 | 24 |
| Laboratorio de Fabricación Mecánica | 128 | 24 |
| Laboratorio de Metroloxía Dimensional | 103 | 24 |
| Laboratorio de Sistemas Oleoneumáticos | 28 | 20 |
| Laboratorio de Enxeñería Térmica | 54 | 24 |
| Laboratorio de Robótica | 33 | 20 |
| Laboratorio de Enxeñería Química I | 66 | 24 |
| Laboratorio de Enxeñería Química II | 83 | 24 |
| Laboratorio de Máquinas Eléctricas | 56 | 24 |
| Laboratorio de Protección | 45 | 20 |
| Laboratorio de Circuitos e Electrometría | 63 | 24 |
| Laboratorio de Tecnoloxía Eléctrica | 84 | 24 |
| Laboratorio de Redes Industriais | 44 | 20 |
| Laboratorio de Física | 88 | 24 |
| Laboratorio de Química Analítica | 130 | 24 |

| | | |
|-----------------------------------|----|----|
| Laboratorio de Química Orgánica | 94 | 24 |
| Laboratorio de Química Inorgánica | 98 | 24 |
| Laboratorio de Química Física | 79 | 24 |

Aulas virtuais da Universidade de Vigo: campus remoto

A Universidade de Vigo desenvolveu desde o curso 2019-2020 importantes recursos para a docencia telemática coa finalidade de potenciar o uso de novas tecnoloxías na docencia e responder adecuadamente ante calquera escenario que se poida presentar ao longo do desenvolvemento da docencia en cada curso académico. Dentro destas ferramentas cabe destacar o Campus Remoto que é un novo servizo que centraliza nun mesmo acceso distintas ferramentas de teledocencia da Universidade de Vigo: Moovi, Aulas e Despachos Virtuais, Foro de profesorado. A Escola de Enxeñaría Industrial conta con xemelgos dixitais virtuais de todos os espazos que se utilizan na docencia: aulas, seminarios, laboratorios, aulas informáticas, etc. Á súa vez, todo o profesorado da Escola dispón do correspondente despacho virtual a través do cal pode complementar as súas actividades docentes (titorías, exposicións, traballos, etc.). A continuación, recóllese a táboa cos diferentes espazos virtuais dispoñibles na EEI:

- Sede campus: <https://campusremotouvigo.gal/faculty/312>

| |
|---|
| Escola de Enxeñaría Industrial - Sala de probas 1 |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Sala de probas 2 |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Sala de Titorías 1 |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario DE |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Sala de xuntas 1 |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Sala de xuntas 2 |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 01 Campus |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 02 Campus |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 04 Campus |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 05 Campus |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 06 Campus |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 07 Campus |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 08 Campus |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 09 Campus |

| |
|---|
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 10 Campus</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 11 Campus</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 12 Campus</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 14 Campus</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 15 Campus</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula ADF</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Audiovisuais-Campus</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario 1</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario 2</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario 3</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario 4</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario 5</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario TE</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario IE</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario OR</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario RM</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario CM</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Seminario QUI</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P1</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P2</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P3</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P4</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P5</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P6</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P7</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio P8</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio 1 de RM</u> |

| |
|---|
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula M</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula A</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 09-Bis</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 10-Bis</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Sala MIA</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Sala MCS</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Sala ENE</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Sala MEC</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Sala REU</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Salón de Actos</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio Materiais Microscopía SEM</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula 00 Campus</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula Xuntas</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Sala I40</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Delegación de Alumnos</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula Sal actos</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula F0</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula F1</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula F2</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula B</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula C</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula D</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula E</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Aula G</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - UVigo Motorsport</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio 2 de RM</u> |

| |
|--|
| Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio electrónica analóxica |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio 24 Automática |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio Ricardo Marín - Aula 3 |
| Escola de Enxeñaría Industrial - Laboratorio de Máquinas Hidráulicas |

- Sede cidade: <https://campusremotouvigo.gal/faculty/313>

| |
|---|
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Sala de probas 1 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Sala de probas 2 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Sala de Titorías 1 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio electrónica básica |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Sala de xuntas 1 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Sala de xuntas 2 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 00 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 01 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 02 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 03 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 04 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula A1-I |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula A2-I |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula A3-I |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula A4-I |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 13 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 14 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 31 |
| Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Seminario Soto 1 |

| |
|--|
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Seminario Soto 2</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Audiovisuais-Cidade</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Seminario QUI</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula 00-Bis</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio Informática Industria</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P1</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P2</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P3</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P4</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P5</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P6</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P7</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio P8</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Seminario AUTOMÁTICA</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio Automática</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio de Fabricación Mecánica</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Sala REU</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Paraninfo (Auditorio)</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Seminario Soto SS-0</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Lab. Enx. Química</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - SALA DE XUNTAS MAGNA CIDADE</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio de Mecánica e Estruturas</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Laboratorio de microcontroladores</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Delegación de Alumnos</u> |

| |
|---|
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Paraninfo</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 6</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Lab. Enxeñaría Mecánica</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Oficina Técnica</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 1</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 2</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 3</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 4</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 5</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 7</u> |
| <u>Escola de Enxeñaría Industrial Sede Cidade - Aula Informática 8</u> |

2. 2 Novos espazos necesarios

Tendo en conta os espazos cos que conta a Escola de Enxeñería Industrial e que se trata dunha titulación que contará cun número reducido de estudantes, non parece que sexa necesario contar con ningún espazo adicional. Enténdese que coa debida organización dos espazos actuais será posible atender as necesidades que se deriven da implantación da devandita titulación.

2. 3 Novos equipamentos necesarios

A pesar do enorme esforzo que vén realizando a Escola de Enxeñería Industrial nos últimos anos con importantes investimentos para a adecuación dos seus laboratorios, a especificidade do título, unido ao perfil práctico e aplicado do mesmo, fará necesaria a incorporación de medios relacionados coas tecnoloxías involucradas na fabricación aditiva, tendo en conta o constante desenvolvemento que se presenta nas mesmas e que fai que sexa necesario contar con medios acordes ao estado actual e tamén adiantarse ao futuro coa introdución daqueles equipos ou materiais que poidan representar unha oportunidade para ser innovadores e que a Comunidade poida ser pioneira nalgunhas das aplicacións desta tecnoloxía en sectores estratéxicos.

Por outra banda, dado que está previsto que se poidan desenvolver talleres prácticos enfocados ás aplicacións da Fabricación Aditiva en sectores clave, utilizando metodoloxías innovadoras, parece importante que se poida dispoñer dos medios necesarios para o desenvolvemento dos mesmos, non soamente o equipamento adecuado, senón tamén a participación de profesionais e a posibilidade de que o alumnado do mestrado poida desprazarse a empresas e/ou Centros de Investigación de referencia. Por iso, aínda que estas necesidades non están cuantificadas no momento actual, está previsto que, co desenvolvemento do plan de estudos, se poida facer un estudo das devanditas necesidades para a súa correcta implantación.